



Isabel Cadavid, durante o 38º congreso da SEF. Imaxe: USC.

A científica María Isabel Cadavid, premiada pola súa traxectoria

Cadavid é catedrática emérita da USC, onde exerceu máis de 40 anos na Facultade de Farmacia e fundou o grupo de investigación BioFarma

● Por Manuel Rey | 25/06/2018

A fundadora do grupo de investigación **BioFarma** da USC, **María Isabel Cadavid Torres**, recibiu o **Premio á Traxectoria Científica en Farmacoloxía 2017**, outorgado pola Sociedade Española de Farmacoloxía (SEF). Este premio recoñece á excelencia á traxectoria

investigadora e docente no ámbito da farmacoloxía en España. O Premio entregouse durante a clausura do 38º Congreso da SEF, [que se celebrou en Santiago de Compostela a semana pasada](#).

Cadavid, catedrática emérita de Farmacoloxía da USC, posúe unha experiencia de **máis de 40 anos** dedicada á docencia e a actividade científica. **Licenciouse en Farmacia en 1970** e en **1976** obtivo o título de **doutora**. Foi secretaria do Decanato na Facultade de Farmacia, directora do departamento de **Farmacognosia e Farmacodinamia**, e secretaria e directora do Instituto de Farmacia Industrial da USC.

No ámbito da investigación pública é autora dun **centenar de artigos publicados en revistas de gran impacto, seis capítulos de libros, cinco patentes e máis de 200 comunicacións presentadas** en congresos nacionais e internacionais. A catedrática dirixiu **máis de 100 traballos de investigación**, entre teses de doutoramento, traballos de fin de grado e tesinas de licenciatura. Ademais, formou parte de **40 proxectos de investigación** e colaborou coa industria farmacéutica e biotecnolóxica no ámbito da I+D de medicamentos.

O premio á traxectoria da SEF leva outorgándose dende o 2015 e ten como obxectivo recoñecer o traballo investigador e docente no ámbito da farmacoloxía en España. Nesta edición, tamén foron premiados os profesores **Juan Tamargo**

Menéndez, da Universidade Complutense de Madrid e **Francisco Zaragoza García**, da Universidade de Alcalá de Henares. Ademais, o premio tamén ten en conta a aportación do investigador á consolidación da SEF.



Proxecto gañador da
iniciativa iProx

